

MAZÁS DO XARDÍN DE TOLSTOI

Eu,
que bordeei en automóbil as beiras do Neretva,
que rebañei en bicicleta as rúas húmidas de Copenhague.
Eu que medín cos meus brazos os buratos de Saraievo,
que atravesei ao volante a fronteira de Eslovenia
e sobrevoei en avioneta a ría de Betanzos.
Eu que collín un ferry que arribase ás costas de Irlanda,
e á illa de Ometepe no Lago Cocibolca;
eu que non esquecerei aquela tenda en Budapest,
nin os campos de algodón na provincia de Tesalia,
nin unha noite nun hotel aos 17 anos en Niza.
A miña memoria vai mollar os pés á praia de Jurmala en Letonia
e na sexta avenida séntese coma na casa.
Eu,
que houben morrer unha vez viaxando nun taxi en Lima,
que atravesei o amarelo dos campos brillantes de Pakruojis
e crucei aquela mesma rúa que Margaret Mitchell en Atlanta.
Os meus pasos pisaron as areas rosadas de Elafonisi,
cruzaron unha esquina en Brooklyn, a ponte Carlos, Lavalle.
Eu que atravesei deserto para ir ata Essaouira,
que me deslicei en tirolesa desde os cumios do Mombacho,
que non esquecerei a noite que durmín na rúa en Ámsterdam,
nin o Mosteiro de Ostrog, nin as pedras de Meteora.
Eu que pronunciei un nome no medio dunha praza en Gante
que unha vez suquei o Bósforo vestida de promesas,
que nunca volvín ser a mesma despois daquela tarde en Auschwitz.
Eu,
que conducín cara o leste até preto de Podgorica,
que percorrín en motoneve o glaciar de Vatnajökull,
eu que nunca me sentín tan soa coma na rue de Sant Denis,
que xamais probarei uvas coma as uvas de Corinto.
Eu, que un día recollín
mazás do xardín de Tolstoi,
quero voltar a casa:
o recanto
que prefiro
da Coruña

xusto en ti.

ARREDOR DO POEMA “MAZÁS NO XARDÍN DE TOLSTOI”



A poeta Yolanda Castaño, a través do seu poema “Mazás do xardín de Tolstoi”, fai un percorrido por diferentes lugares do mundo nos que estivo.

► Tarefa de investigación

1. Repara nalgúns deses lugares: *Saraievo, Betanzos, Ometepe, Lima, Pakroujis, Essaouira e Gante*. A seguir, intenta cubrir a táboa de embaixo coa información que se che solicita:

- a) Lugar.
- b) Estado ou país ao que pertence.
- c) Continente en que se atopa.
- d) Lingua ou linguas que se fala(n) nese estado ou país.
- e) Palabra(s) sobre a(s) que teñas curiosidade na(s) lingua(s) dese territorio.

LUGAR	ESTADO/PAÍS	CONTINENTE	LINGUA(S)	PALABRA(S)

2. Que reflexión provocou en ti esta pescuda?